PARLAMENTO DE GALICIA

[MVAG/MSGN]

Acta da sesión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, do día 2 de maio de 2024

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, o día 2 de maio de 2024, ás 16:00 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Cristina Sanz Arias
(Presidenta)
María Deza Martínez
(Vicepresidenta)
Ramón Tomás Fernández Alfonzo
(Secretario)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Encarnación Amigo Díaz
Victor Manuel Baladrón Lamas
Enrique Barreiro Sánchez
María Dolores Hermelo Piñeiro
Rubén Lorenzo Gómez
José Manuel Mato Díaz
José Alberto Pazos Couñago
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
José Manuel Golpe Acuña
Carmela González Iglesias
José Daniel Pérez López
Brais Ruanova Vilas-Boas
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Patricia Iglesias Rey
Lara Méndez López
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo
Propoñentes:
Daniel Castro García
Paloma Castro Rey
Borja Verea Fraiz

Letrada:
María Vicenta Aneiros González

PARLAMENTO DE GALICIA

A Sra. presidenta abre a sesión e rógalle ao Sr. secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

Logo da constatación deste, a Presidencia informa que, producida a vacante do cargo de Vicepresidencia da Comisión, procede elixir unha nova Vicepresidencia. Dado que esta elección non está prevista na orde do día da sesión da Comisión prevista para hoxe, proponse, ao abeiro do disposto no artigo 73.2 do Regulamento da Cámara, a súa alteración coa inclusión dun punto preliminar consistente na *elección da vicepresidencia da Comisión*.

Posto que non hai oposición a esta proposta, apróbase por asentimento co que queda incluída na orde do día o seguinte:

Punto preliminar.- Elección da Vicepresidencia da Comisión

(12/CEEM-000012)

A señora presidenta comunica que, de conformidade co preceptuado nos artigos 41, 37 e 36.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, procédese á elección da vicepresidenta ou vicepresidente desta Comisión mediante votación nominal. Asemade, lémbralles ás súas señorías o procedemento a seguir para a votación, que será secreta, mediante papeletas nas que se debe escribir un só nome e que o chamamento se efectuará por orde alfabética de apelidos; resultará elixido ou elixida quen obteña un maior número de votos.

Logo da distribución das papeletas para realizar a votación, a señora presidenta solicita do señor secretario da Comisión que inicie o chamamento. Unha vez rematada a votación, o resultado do escrutinio é o seguinte:

María Deza Martínez..... 9 votos
En branco ..... 8 votos
Nulos ..... 0 votos
Total de votos emitidos ..... 17 votos

En consecuencia, resulta elixida **vicepresidenta** da Comisión, **María Deza Martínez, do G.P. Popular de Galicia**, quen pasa a ocupar neste intre o seu posto na Mesa da Comisión.

PARLAMENTO DE GALICIA

Punto 1. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, conforme o establecido na resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986

A señora presidenta pregunta aos membros da Comisión se están de acordo en aprobar a precitada delegación, nos termos establecidos no apartado 1 do acordo interpretativo aprobado pola Resolución da Mesa do 11 de abril de 1986.

Non se manifesta ningunha obxección nin oposición, polo que a devandita delegación enténdese **aprobada por asentimento**.

Neste intre a Presidencia, por petición expresa dos voceiros e das voceiras, dá conta das alteracións na orde de substanciación das iniciativas que conforman o punto 2º da orde do día e que consisten en tramitar :

- 2.1 PNC doc. núm. 1204 (12/PNC-000128), que figura como 2.5
- 2.2 PNC doc. núm. 539 (12/PNC-000032), que figura como 2.2
- 2.3 PNC doc. núm. 509 (12/PNC-000026), que figura como 2.1
- 2.4 PNC doc. núm. 1062 (12/PNC-000103), que figura como 2.4
- 2.5 PNC doc. núm. 1599 (12/PNC-000191), que figura como 2.6
- 2.6 PNC doc. núm. 762 (12/PNC-000068), que figura como 2.3

A este respecto o **señor Pazos Couñago (P),** roga que, no futuro, é conveniente que se coñezan con antelación as alteracións das ordes do día, por mor da organización interna dos grupos parlamentarios.

Pásase ao debate do punto 2 da orde do día:

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 1204 (12/PNC-000128)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 2 máis
Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo ante o novo contexto que se abre coas novas propostas da empresa Alcoa sobre a factoría de San Cibrao
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 12f2, do 17.04.2024

A Presidencia comunica que a esta proposición non de lei o G.P. do Bloque Nacionalista Galego presentou unha autoemenda (doc. núm. 2817), e o G.P. Popular de Galicia presentou unha emenda de substitución (doc. núm. 2821), das que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. *(Achégase a esta acta como anexo copia dos citados documentos).*

O **señor Castro García (BNG),** como cuestión previa pide desculpas pola alteración da orde do día e agradece a facilidade para poder realizala. A seguir dá conta das razóns que levaron ao seu grupo á formulación desta proposición non de lei, así como da autoemenda de adición dun punto 4 ao texto resolutivo, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

A señora presidenta ocupa un escano co seu grupo parlamentario e pasa a ocupar o seu posto a señora vicepresidenta.

Na rolda de grupo parlamentario emendante intervén a **señora Sanz Arias (P),** para a defensa da emenda de substitución presentada polo seu grupo.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes o **señor Ojea Bouzo (M),** comunica que non fará uso desta rolda.

Na mesma rolda toma a palabra a **señora Méndez López (S),** pon de manifesto a implicación do Goberno Central neste tema e apela á responsabilidade do grupo que apoia ao Goberno.

Na rolda de puntualizacións o **señor Castro García (BNG),** da conta das razóns polas que non acepta a emenda do G.P. Popular de Galicia e amósase aberto a acadar un texto transaccionado.

A señora presidenta incorpórase ao seu posto na Mesa.

2.2 539 (12/PNC-000032)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sanz Arias, Cristina e 8 máis
Sobre a solicitude que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación co apoio ao futuro Xacobeo 2027 ao abeiro da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 9, do 11.04.2024

O **señor Verea Fraiz (P),** dá conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito e publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor Ojea Bouzo (M),** expresa o voto positivo do seu grupo a esta proposta, e pide que se teña en conta á provincia de Ourense.

A seguir toma a palabra a **señora Méndez López (S)**, que concorda co que se demanda nesta iniciativa de impulso, polo que adianta que o seu grupo vai apoiala.

O **señor Pérez López (BNG),** motiva o posicionamento a favor da proposta, logo de cuestionar algúns aspectos da mesma.

Na rolda de puntualizacións o **señor Verea Fraiz (P),** comenta as anteriores intervencións e agradece o posicionamento favorable.

Auséntase da sala a señora Méndez López e incorpórase a señora Castro Rey.-

2.3 509 (12/PNC-000026)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sanz Arias, Cristina e 8 máis
Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central referidas á planificación da rede de transporte de enerxía eléctrica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 9, do 11.04.2024

Toma a palabra o **señor Lorenzo Gómez (P),** para expoñer as razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A Presidencia informa que a esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, -o voceiro do G.P. Mixto non fai uso desta rolda-, intervén en primeiro lugar a **señora Iglesias Rey (S),** que amosa o seu desacordo con moitas das argumentacións exposta polo propoñente, polo que anuncia o voto en contra do grupo parlamentario que representa.

Nesta mesma rolda o **señor Golpe Acuña (BNG),** explica as razóns polas que o seu grupo non concorda co que se demanda.

Na rolda de puntualizacións o **señor Lorenzo Gómez (P),** ratifícase na defensa da iniciativa, logo amosar a súa discrepancia coas intervencións da voceira e do voceiro que o precederon no uso da palabra.

2.4 1062 (12/PNC-000103)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara
Sobre os criterios normativos que deberá desenvolver o Goberno galego co obxecto de incrementar a implantación dunha enerxía eólica

ordenada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 12f2, do 17.04.2024

A Presidencia comunica que a esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas de substitución, unha por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 2825) e outra por parte do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 2822), das que se obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. *(Achégase a esta acta como anexo copia dos citados documentos).*

A continuación, concédelle a palabra á **señora Iglesias Rey (BNG)**, que pasa a expoñer os motivos nos que se fundamenta esta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

Na rolda de grupos parlamentarios emendantes intervén en primeiro lugar o **señor Golpe Acuña (BNG),** para a defensa da emenda de substitución presentada polo seu grupo.

Nesta mesma rolda intervén o **señor Lorenzo Gómez (P)**, que tamén procede á defensa da emenda presentada polo seu grupo, logo de matizar algunhas das afirmacións realizadas pola señora propoñente.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes fai uso da palabra o **señor Ojea Bouzo (M),** manifestando que concorda coa proposta presentada na emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego que, de non ser tida en conta, absterase na votación desta iniciativa.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre as emendas defendidas a **señora Iglesias Rey (S),** motiva a non aceptación das emendas e adianta que o tema obxecto da iniciativa será obxecto de debate no Pleno da Cámara.

2.5 1599 (12/PNC-000191)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia verbo da condición das instalacións da central térmica de Endesa nas Pontes como ben de interese cultural
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 12f2, do 17.04.2024

Toma a palabra o **señor Golpe Acuña (BNG),** para explicar os motivos polos que o seu grupo parlamentario presentou a proposición non de lei e que están publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A Presidencia informa que a esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda dos restantes grupos parlamentarios, -o voceiro do G.P. Mixto non fai uso desta rolda-, intervén en primeiro lugar a **señora Iglesias Rey (S)**, motivando a postura do seu grupo en contra desta proposta.

Nesta mesma rolda a **señora Hermelo Piñeiro (P)**, non concorda co que se demanda con esta iniciativa, polo que o seu grupo votará en contra da mesma.

Na rolda de puntualizacións o **señor Golpe Acuña (BNG),** insiste na importancia desta iniciativa de impulso ao Goberno.

A señora presidenta ocupa un escano co seu grupo parlamentario e pasa a ocupar o seu posto a señora vicepresidenta.

2.6 762 (12/PNC-000068)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre determinadas actuacións que o Goberno galego debe pór en marcha para cubrir as necesidades de impulso empresarial na comarca de Pontevedra
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 9, do 11.04.2024

A **señora Castro Rey (S),** expón os motivos que a levaron á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, -o voceiro do G.P. Mixto non fai uso desta rolda-, intervén en primeiro lugar o **señor Ruanova Vilas-Boas (BNG)**, que xustifica o apoio do seu grupo parlamentario á proposición non de lei.

Nesta mesma rolda intervén por parte do **G.P. Popular de Galicia** a **señora Sanz Arias,** que pasa a dar conta dos motivos polos que o seu grupo non vai apoiar a devandita proposta.

Na rolda de puntualizacións a **señora Castro Rey (S),** expón diversas consideracións sobre o posicionamento manifestado pola voceira do G.P. Popular de Galicia, agradece o apoio do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e ratifícase na defensa da súa iniciativa.

PARLAMENTO DE GALICIA

A Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

2.1 509 (12/PNC-000026), do **G.P. Popular de Galicia.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **aprobado** por:

Votos a favor: ..... 9 (G.P. P)
Votos en contra: ..... 2 (G.P. S)
Abstencións: ..... 6 (G.P. BNG+M)

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España a declaración do Xacobeo 2027 como acontecemento de excepcional interese ao abeiro do previsto Lei 49/2002, de réxime fiscal de entidades sen ánimo de lucro, e de incentivos ao mecenado, e con efectos desde o ano 2025.»

2.2 539 (12/PNC-000032), do G.P. Popular de Galicia. Sométese a votación o texto orixinal, que resulta **aprobado sen modificacións, pola unanimidade dos 17 deputadas e deputados**.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que adopte as medidas necesarias para

1º. Incluír novas modificacións na planificación da rede de transporte eléctrico que dean resposta ás necesidades dos proxectos industriais intensivos en enerxía cuxa viabilidade e competitividade dependen da conexión eléctrica.

2º. Realizar unha reforma da Lei do sector eléctrico que permita introducir modificacións na planificación da rede de transporte dunha maneira áxil e sinxela, para dar resposta ás necesidades de conexión de proxectos industriais que teñan unha cualificación de prioritarios ou estratéxicos por un goberno autonómico ou polo Goberno central.»

2.3 762 (12/PNC-000068), do **G.P. dos Socialistas de Galicia.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **rexeitado** por:

Votos a favor: ..... 7 (G.P. S+BNG)
Votos en contra: ..... 9 (G.P. P)
Abstencións: ..... 1 (G.P. M)

PARLAMENTO DE GALICIA

2.4 1062 (12/PNC-000103), do **G.P. dos Socialistas de Galicia.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **rexeitado** por:

Votos a favor: ..... 2 (G.P. S)
Votos en contra: ..... 9 (G.P. P)
Abstencións: ..... 6 (G.P. BNG+M)

2.5 1204 (12/PNC-000128), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal con engádega dun punto 4 derivada da autoemenda (núm. 2817), resulta **rexeitado** por:

Votos a favor: ..... 5 (G.P. BNG)
Votos en contra: ..... 11 (G.P. P+2 S)
Abstencións: ..... 1 (G.P. M)

2.6 1599 (12/PNC-000128), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **rexeitado** por:

Votos a favor: ..... 5 (G.P. BNG)
Votos en contra: ..... 11 (G.P. P+2 S)
Abstencións: ..... 1 (G.P. M)

Rematado o debate, a señora presidenta agradece a todos o seu traballo e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 19:00 horas.

Cristina Sanz Arias

Firmado digitalmente por Cristina Sanz Arias
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Cristina Sanz Arias, email=cristina.sanz.arias@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.05.23 13:24:36 +02'00'

V.º e pr.:
Cristina Sanz Arias
Presidenta da Comisión

Ramón Fernández Alfonzo

Firmado digitalmente por Ramón Fernández Alfonzo
Fecha: 2024.05.23 11:07:01 +02'00'

Ramón Tomás Fernández Alfonzo
Secretario da Comisión